

VIERNES, 2 de febrero de 2007

ENTREVISTA: DÚAS LINGUAS SEN FRONTEIRA | CARLOS QUIROGA - ESCRITOR | LUCES

"Para que exista Galicia, é central o encontro con Portugal"

DANIEL SALGADO | 2 FEB 2007

Archivado en: Comunidades autónomas Ortografía Escritores Lingüística Portugal Administración autonómica Europa occidental Europa Gente
Literatura Lengua Galicia España Administración pública Sociedad Cultura

O escritor galego Carlos Quiroga (Escairón, 1963) vén de editar o seu libro *Periférias* no Brasil. Logo de sete presentacións en sete universidades do país carioca, Quiroga confirmou as súas filias. "Brasil sempre foi o país do futuro, mais fáltales pasado; quizais Galicia teña moito pasado, e porén aínda non definiu o seu futuro". Para Quiroga, a confluencia cos territorios de fala portuguesa resulta parte imprescindíbel na supervivencia da literatura galega. "Para que Galicia exista, é central o encontro con Portugal", di, "o contacto entre nós, ir aló, volver aquí, vernos, tocarnos".

O autor d'O Saviñao encárgase das relacións cos países lusófonos da Asociación de Escritores en Lingua Galega. "Hai un ano que a nova presidencia da AELG creou esta sección", afirma, "e o titular da asociación, Cesáreo Sánchez, que aposta claramente na liña de achegamento aos países de fala portuguesa, encomendoume o traballo".

"Entre escritores galegos e lusos hai un descoñecemento maior que noutros tempos" No caso portugués, Quiroga constata o "descoñecemento mutuo" que existe entre escritores dunha e doutra banda do río Miño. "Se cadra", aventura, "houbo un maior interese noutras épocas da nosa historia literaria". Carlos Quiroga, tamén profesor na Universidade de Santiago de Compostela, explica que o modernismo galego nace do contacto con Portugal. "Dende as Irmandades da Fala e logo a Xeración Nós, pero comezando con Manuel Murguía no século XIX, os nosos escritores clásicos beberon da literatura portuguesa", opina, "mais na actualidade, dá a impresión de que os galegos miran máis a Madrid".

Segundo o responsábel de Lusofonía da AELG, o estraño é que unha vez caídas as fronteiras políticas, a cultura galega non circule fluidamente por Portugal. "Con todo, os intercambios económicos medraron, e velaí o primeiro paso para o achegamento e o traspaso da fronteira cultural", asegura Quiroga.

A xuízo do escritor, a superación do "obstáculo ortográfico que afasta o galego do portugués" non se pode evitar se "en realidade se pretende exceder a simple retórica, o lugar común, das relacións entre Galicia e Portugal". Carlos Quiroga lembra as polémicas declaracións de Carlos Casares, pouco antes de morrer, arredor da pertinencia de achegar as ortografías galega e portuguesa. "Mesmo Fraga Iribarne lle deu o toque, con estas palabras exactas: 'o que está quieto é mellor non movelo', rememora.

Malia ao seu cargo na AELG, Quiroga recoñece o carácter problemático do termo lusofonía. "A palabra e o concepto de países lusófonos agocha un pasado colonial", opina, "de linguas indíxenas ou orixinarias asoballadas pola imposición do portugués". Quiroga, coñecedor das literaturas africanas, di que os escritores de África non queren falar de

lusofonía porque lles inspira "neocolonialismo". "E Brasil", segue, "ao ser un xigante e ter un vencello difícil coa ex metrópole non quere saber moito dun concepto que nace xustamente no centro lisboeta". O escritor Luiz Ruffatto, un dos nomes destacados da nova literatura do Brasil, propuxo hai uns anos o termo "galeguía" para definir os lugares onde domina lingüísticamente o portugués. "Cientificamente case é máis exacto ca lusofonía", opina Quiroga, "pero a un país tan nacionalista como Portugal halle custar traballo aceptalo".

Quiroga indica que os galegos resultan mellor recibidos no Brasil ca no territorio veciño. "No Brasil abrénnos máis as portas e se cadra é sinxelamente por non sermos portugueses", relata, "En calquera caso, e teimo", conclúe Quiroga, "o encontro con Portugal ou con Brasil é un horizonte que os galegos debemos acariñar".